Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 14 Agosto 2014 23:45

O próximo 26 de agosto, disputarase a XXX edición do Trofeo Conde de Gondomar que enfrontará ao Gondomar C.F. e ao Celta de Vigo, con motivo da celebración do centenario do equipo local. O encontro terá lugar no campo municipal das Gaiandas, ás 19.30 horas.

Como vén sendo habitual, o actual conde de Gondomar, Gonzalo Fernández de Córdoba y Narváez, xunto ao alcalde do municipio, Fernando Guitián e a concelleira de Deportes, Natalia Salgueiro presidirán o encontro.